

o seu enderezo o demandante ou ben no da Coruña, á súa elección, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Número de rexistro: 3277911113 A2071.
Apelidos e nome: Pillado Quintáns, Manuel.
Posto de traballo: xefe do Gabinete de Asesoramento e Apoio á Actualización Normativa.
Código posto: PR.P02.000.15770.115.
Centro directivo: Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
Localidade: Santiago de Compostela.
Grupo: A.
Copo ou escala: xeral (escala de letrados).
Nivel de c. destino: 30.

Resolución do 17 de marzo de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 16 (conductor/a), do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións do 2º exercicio das quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre.

En sesión que tivo lugar o 17 de marzo de 2005, o tribunal IV-G, designado pola Orde do 16 de novembro de 2004, modificada pola do 8 de febreiro de 2005, pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o acceso a categoría 16 (conductor/a) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), e de conformidade co disposto na devandita orde da convocatoria.

ACORDOU:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao segundo exercicio da fase de oposición da categoría 16 (conductor/a), do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, que se atopan expostas na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nas súas delegacións provinciais, no taboleiro de anuncios do parque móbil da Xunta de Galicia, así como na páxina web: www.xunta.es.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.2.1.b) da convocatoria de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre, superaron o segundo exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de 5 puntos na proba.

Terceiro.-Os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación á puntuación acadada no segundo exercicio, no prazo de dez (10) días contados desde o seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, dirixidas á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Cuarto.-Dado que os 37 opositores aprobados da quenda de acceso libre e os 3 opositores da quenda de promoción interna están en posesión da titulación de galego exixida, queda sen efecto a realización do terceiro exercicio que recolle a base II.2.1.c) das respectivas convocatorias.

Quinto.-De conformidade co disposto na base II.1.6 das respectivas convocatorias, desde a data de anuncio da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das notas deste segundo exercicio da fase de oposición, os aspirantes disporán dun prazo máximo de vinte (20) días naturais para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, dirixida á Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2005.

Manuel Conde Mouzo
Presidente do tribunal IV-G

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten ensinanzas escolares.

Advertido erro na devandita orde publicada no DOG nº 45 do luns 7 de marzo de 2005, é necesario efectuar a seguinte rectificación:

Na páxina 3.792, anexo I, debe excluírse:

Código centro: 15020571.
Centro: CEIP Colexiata do Sar.
Localidade: Santiago de Compostela.
Concello: Santiago de Compostela.
Provincia: A Coruña.

**CENTRO INFORMÁTICO PARA
A XESTIÓN TRIBUTARIA,
ECONÓMICO-FINANZEIRA
E CONTABLE**

Corrección de erros.-Resolución do 10 de febreiro de 2005 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable dunha praza de condutor.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 53, do 17 de marzo de 2005, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 4.572 (encabezamento), na páxina 4.572 punto 1.1, na páxina 4.576, na páxina 4.577 anexo IV, onde di: «Condutor», debe dicir: «Subalterno-condutor».

Na páxina 4.573 punto 1.3.1.3 onde di: «Estar en posesión do título académico de graduado escolar ou equivalente. Estar en posesión do carné de conducir B1», debe dicir: «1.3.1.3. Estar en posesión do título académico do certificado de escolaridade. Estar en posesión do carné de conducir B1».

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

Resolución do 4 de marzo de 2005 pola que se modifica a composición do tribunal cualificador das probas selectivas para ingreso na escala auxiliar desta universidade, pola quenda de acceso libre.

En relación coa convocatoria das probas selectivas para cubrir 56 prazas da escala auxiliar da USC pola quenda de acceso libre, convocadas por Resolución do 21 de decembro de 2004 (DOG do 12 de xaneiro de 2005), o reitor no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como polos estatutos desta universidade, resolve:

Modificar a composición do tribunal que figura na convocatoria pola renuncia do vogal suplente Modesto Gómez Raña. Para substituílo noméase vogal suplente a María Josefa Devasa Hermida, funcionaria de carreira da escala administrativa da USC.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1º a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes

perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2005.

Senén Barro Ameneiro

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 25 de febreiro de 2005 pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior dos servizos xerais de Investigación.

Por Resolución do 5 de novembro de 2004 (DOG do 23 de novembro), convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior dos servizos xerais de Investigación, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade.

Por Resolución do 7 de xaneiro de 2005 (DOG do 20 de xaneiro) aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos nas mencionadas probas selectivas, fixándose un prazo para a corrección e emenda dos motivos de exclusión ou omisión. Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4ª da convocatoria, esta reitoría

RESOLVEU:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos das citadas probas, con expresión da causa de exclusión. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios da reitoría (Campus das Lagoas-Marcosende, Vigo) e nos rexistros auxiliares dos Campus de Ourense (unidade administrativa), Campus de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e Vigo (r/ Oporto, nº 1).

Segundo.-Convocar os aspirantes admitidos pola fase de promoción interna para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día 28 de abril de 2005, ás 11.30 horas na sala de xuntas do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

Os aspirantes deberán ir provistos do documento nacional de identidade, lapis do nº 2, goma de borrar e bolígrafo negro ou azul.

Terceiro.-Establecer un prazo de tres días hábiles a partir do seguinte ao de realización deste primeiro exercicio para reclamar o cuestionario del.